

Informe


SATISFACCIÓN DE USUARIOS E USUARIAS

Facultade de Educación e Traballo Social



Curso 2021-2022

Documentación complementaria



Validación pola Comisión de
Garantía Interna de Calidade

Aprobado o 11/07/2022



Centro certificado
FIDES AUDIT



Facultade de
Educación e Traballo Social

Universidade de Vigo

Área de Calidade

Facultade de Educación
e Traballo Social

Universidade de Vigo



INFORME ANUAL

(MC-05 Satisfacción de Usuarios e Usuarias)

MATERIAS IMPARTIDAS NO MESTRADO

(Percepción do estudantado)

**Mestrado en Intervención Multidisciplinar
na Diversidade en Contextos Educativos**

Curso 2021-2022

VALIDACIÓN pola Comisión Académica o día de 2022

INDICE

1. INTRODUCCIÓN	3
2. CONTEXTO E PARTICIPANTES	3
3. RESULTADOS	4
4. CONCLUSIONES	19
ANEXOS	20

1. INTRODUCCIÓN

Para o desenvolvemento da avaliación de maneira orientativa, en xeral, séguense as indicacións ofrecidas pola área de Calidade da Universidade de Vigo. Para elo realizouse unha recollida de información sobre as distintas materias do mestrado que facilitou voluntariamente o alumnado, procedendo posteriormente a súa análise para realizar as análises.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E PARTICIPANTES

Na Xornada de Acollida do Mestrado de xeito presencial, recibíuse ao alumnado. A sesión estivo dirixida pola Directora Académica do Mestrado, a Coordinadora do Traballo Fin de Master, o Coodinador con institucións externas, o Coordinador do PAT, os Coordinadores do Practicum e a persoa encargada de calidade. Na aula explicóuselle ao alumnado a importancia de valorar e responder a unha breve enquisa. O procedemento da recollida de datos realizouse na súa totalidade mediante a secretaria virtual do alumnado. Unha vez que remataban cada materia tiñan dispoñible un cuestionario de 2 preguntas abertas para que manifestaran o que máis e menos lle gustou da materia. Este estaba dispoñible durante 3 días e tiña carácter anónimo. O cuestionario estivo na Secretaria Virtual, no apartado de "Formularios e Enquisas", "Privadas". Axuntábase o enlace nos correos diarios que se lle enviaban ao alumnado dende Moovi para lembrarlle que o tiñan a súa disposición. No Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos contase durante o curso escolar 2021-2022 con 31 estudantes/as; este número variará en función de si se trata de materias obrigatorias ou optativas. A recollida de información, desde a percepción do alumnado, sobre o desenvolvemento das materias polo profesorado que as imparte posibilita, a partir da súa análise, realizar unha avaliación obxectiva; para determinar claramente os puntos fortes e débiles nas respectivas materias para poder incluír propostas que melloren a calidade da docencia e en xeral o funcionamento do mestrado.

O número de estudantes que resposta ao cuestionario aberto, aínda que foi variable, permite coñecer a marcha das respectivas materias e as dinámicas de traballo do profesorado.

Excepcionalmente, nalgunhas materias só se obtivo información a través dun número reducido de cuestionarios abertos, mentres que noutras case a totalidade do alumnado respondeu. Neste feito inflúe o carácter optativo ou obrigatorio de cada materia. Nas táboas de resultados tamén se sinala o número exacto de alumnado matriculado e participante.

Cabe resaltar, de xeito xeral, unha boa calidade da participación do estudantado con relación a información facilitada nas respectivas materias a través do cuestionario aberto.

3. RESULTADOS

A continuación preséntanse os datos en diferentes táboas e figuras, atendendo aos:

- Resultados relativos ao módulo de “Desenvolvemento comunitario e compensación das desigualdades” (táboa 1).
- Resultados relativos ao módulo de “Xénero e educación” (táboa 2).
- Resultados relativos ao módulo de “Interculturalismo e educación” (táboa 3).
- Resultados relativos ao módulo de “Procesos formativos en persoas adultas” (táboa 4).
- Resultados relativos ao módulo de “Necesidades educativas especiais” (táboa 5).

Con posterioridade, represéntanse en dúas figuras, tanto as fortalezas por materia (figura 1), coma as debilidades respectivamente (figura 2). Seguidamente refléxanse as propostas de mellora (figura 3).

A modo de síntese, os resultados globais do conxunto das materias plásmanse nunha táboa (táboa 6). Para finalizar nunha última táboa realízase a representación das fortalezas e propostas de mellora globais para tódalas materias (figura 4).

Na última parte realizase a análise e interpretación dos resultados.

Táboa 1. Resultados relativos ao módulo de “Desenvolvemento comunitario e compensación das desigualdades”

Módulo	Materia	Carácter	Nº Matriculados/as	Nº Participantes	Categorización		Frecuencia
DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO E COMPENSACIÓN DAS DESIGUALDADES	Desenvolvemento comunitario	OPTATIVA	19	4	Fortalezas	Recursos/estratexias ofrecidos	4
						Exemplos prácticos	4
						Ofertas laborais	1
					Debilidades	Exceso de temario	1
					Propostas/ Melloras	Ampliar o tempo	1
	Compensación das desigualdades na educación	OBRIGATORIA	31	26	Fortalezas	Recursos/estratexias ofrecidos	16
						Clases dinámicas	20
					Debilidades	Mayor interacción	14
						Sesións moi teóricas	6
					Propostas/ Melloras	Mais implicación docente	11

Táboa 2. Resultados relativos ao módulo de “Xénero e educación”

Módulo	Materia	Carácter	Nº Matriculados/as	Nº Participantes	Categorización		Frecuencia
XÉNERO E EDUCACIÓN	Xénero e educación	OBRIGATORIA	31	9	Fortalezas	Calidade profesional das docentes	8
						Actividades física-deportiva	5
						Temáticas abordadas	9
						Debates	1
					Debilidades	Enfoque Ed. Formal	1
					Propostas/ Melloras	Clases mais dinámicas	4
	Aumentar as sesións prácticas	3					
	Da inxustiza das desigualdades á riqueza das diferenzas	OPTATIVA	15	3	Fortalezas	Calidade profesional do profesorado	3
						Clases dinámicas	4
						Recursos/estratexias ofrecidos	3
					Debilidades	Exceso de temario	1
						Clases moi cortas	1
Propostas/ Melloras					Máis interacción	2	

Táboa 3. Resultados relativos ao módulo de “Interculturalismo e educación”

Módulo	Materia	Carácter	Nº Matriculados/as	Nº Participantes	Categorización		Frecuencia
INTER-CULTURALISMO E EDUCACIÓN	Interculturalismo no entorno socioeducativo	OPTATIVA	13	5	Fortalezas	Contidos moi actualizados	2
						Profesorado comprometido	4
						Clases dinámicas	2
						Recursos/estratexias ofrecidos	3
					Debilidades	Profesorado non actualizado	4
						Desorganización do profesorado	2
					Propostas/Melloras	Profesorado actualizado	2
	Maior coordinación do profesorado	2					
	Ensino e aprendizaxe da/s lingua/s da sociedade de acollida	OPTATIVA	14	5	Fortalezas	Recursos/estratexias ofrecidos	5
						Organización do profesorado	4
						Profesorado cercano	2
					Debilidades	Clases moi cortas	1
					Propostas/Melloras	Máis sesións teórico-prácticas	3
	Interculturalismo en contextos escolares	OBRIGATORIA	31	10	Fortalezas	Estratexias/Recursos ofrecidos	8
						Dinamismo das sesións	2
Calidade profesional das docentes						4	
Debates sobre o interculturalismo						2	
Profesorado coordinado						2	
Debilidades					Clases moi cortas	2	
Propostas/Melloras					Máis interacción	2	
					Clases máis dinámicas	1	

Táboa 4. Resultados relativos ao módulo de “Procesos formativos en persoas adultas”

Módulo	Materia	Carácter	Nº Matriculados/as	Nº Participantes	Categorización		Frecuencia
PROCESOS FORMATIVOS EN PERSOAS ADULTAS	Educación de adultos	OBRIGATORIA	31	6	Fortalezas	Clases prácticas	3
						Recursos/estratexias ofrecidos	6
						Debates	2
						Calidade profesional do profesorado	3
					Debilidades	Falta de tempo	1
						Falta de estratexias	1
	Propostas/ Melloras	Máis sesións teórico-prácticas	2				
	Calidade de vida para as persoas maiores	OPTATIVA	16	8	Fortalezas	Calidade profesional do profesorado	3
						Recursos/estratexias ofrecidos	3
					Debilidades	Falta de tempo	2
Desorganización do profesorado						1	
Propostas/ Melloras					Máis sesións teórico-prácticas	1	

Táboa 5. Resultados relativos ao módulo de “Necesidades educativas especiais”

Módulo	Materia	Carácter	Nº Matriculados/as	Nº Particip.	Categorización		Frecuencia
NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS	Medidas de atención á diversidade para alumnos/as con necesidades educativas	OBRIGATORIA	31	4	Fortalezas	Recursos/estratexias ofrecidos	2
						Profesorado coordinado	3
					Debilidades	Exceso de temario	1
						Clases moi cortas	1
						Clases monótonas	2
	Propostas/Mellora	Máis sesións teórico-prácticas	2				
	Calidade de vida das persoas con discapacidade	OPTATIVA	9	6	Fortalezas	Recursos/estratexias ofrecidos	5
						Profesorado coordinado	3
						Calidade profesional do profesorado	5
					Debilidades	Clases moi cortas	1
					Propostas/Melloras	Máis sesións teórico-prácticas	1
	Medidas de atención á diversidade en persoas con altas capacidades	OPTATIVA	8	2	Fortalezas	Recursos/estratexias ofrecidos	2
						Calidade profesional do profesorado	1
					Debilidades	Falta de tempo	2
					Propostas/Melloras	Aumentar as sesións prácticas	2




Figura 1. Fortalezas por materia




Figura 2. Debilidades por materia




Figura 3. Propostas de mellora por materia

Táboa 6. Resultados globais do conxunto das materias

Fortalezas	f	Propostas de mellora	f
Profesorado coordinado	8	Máis implicación docente	11
Clases dinámicas	23	Aumentar as sesións prácticas	3
Calidade profesional do profesorado	14	Maior coordinación do profesorado	2
Recursos	57	Máis sesións teórico-prácticas	9
		Clases máis dinámicas	5
		Máis interacción	4




Figura 4. Representación das fortalezas e propostas de mellora globais para as materias

En canto ás materias do módulo DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO E COMPENSACIÓN DAS DESIGUALDADES (táboa 1):

- a) Materia *Desenvolvemento comunitario* o alumnado apunta como fortalezas os: recursos e estratexias ofrecidos, exemplos prácticos e información sobre as ofertas laborais. A debilidade manifestada, nun caso, refírese o exceso de temario. Como propostas de mellora, nun caso, suxírese ampliar o temario.
- b) Materia *Compensación das desigualdades na educación*, o alumnado enquisado afirma que as súas principais fortalezas se basean nos recursos e nas clases dinámicas. Os/as estudantes botan en falta unha maior interacción xa que afirman que as sesións son moi teóricas. Como proposta de mellora propónse unha maior implicación docente.

No módulo de XÉNERO E EDUCACIÓN (táboa 2):

- a) Materia *Xénero e educación* esperta interese no alumnado, en particular a través da temática abordada. Tamén son destacadas como fortalezas o conxunto de todos os contidos abarcados na materia e a calidade profesional das docentes. O alumnado manifesta como debilidade o enfoque na educación formal. Con todo, se teñen que propoñer algunha mellora serían as clases máis dinámicas e aumentar as sesións prácticas.
- b) Materia *Da inxustiza das desigualdades á riqueza das diferenzas*, o alumnado valora como aspecto positivo a calidade profesional do profesorado e os recursos e estratexias ofrecidos polos equipo docente. Non obstante, un alumno considera ter un temario excesivo e algunhas clases resúltanlle moi cortas. Algún estudante pon de manifesto que desexaría ter máis interacción nas clases desta materia.

No relativo ao módulo de INTERCULTURALISMO E EDUCACIÓN (táboa 3):

- a) Materia *Interculturalismo no entorno socioeducativo* cabe destacar a relevancia que lle da o alumnado aos recursos e estratexias utilizados na aula, as clases dinámicas e os novos e actualizados contidos. Asimesmo o estudiantado valora de xeito positivo o compromiso do profesorado. Non obstante, ponse de manifesto certa desorganización e desactualización dalgún profesorado. Como propostas de mellora apúntase a conveniencia dun corpo docente máis actualizado e unha maior coordinación do profesorado.
- b) Materia *Ensinu e aprendizaxe da/s lingua/s da sociedade de acollida* é valorada positivamente, sobre todo, pola oferta de recursos ofrecidos nas clases, a organización do profesorado e a cercanía dos/as docentes. Un alumno apunta que as clases son moi cortas. Non obstante, as melloras que se propoñen para esta materia, son máis sesións teórico-prácticas.
- c) Materia *Interculturalismo en contextos educativos*, as fortalezas destacadas son as estratexias/recursos, o dinamismo das sesións, a calidade e coordinación do equipo docente e os debates formulados na clase sobre o interculturalismo. Con todo, ponse de manifesto a ausencia de máis tempo de aulas e propónse unha maior interacción nas sesións e clases máis dinámicas.

No caso do módulo PROCESOS FORMATIVOS EN PERSOAS ADULTAS (táboa 4):

- a) Materia *Educación de adultos*, algún alumnado apunta como punto forte as clases prácticas, os debates, os recursos e estratexias ofrecidos en clase e a calidade profesional do profesorado. Un alumno manifesta como debilidade a falta de tempo en clase e outro alumno apunta como punto débil a falta de estratexias. En xeral, non cambiarían nada a excepción de aumentar as sesións teórico-prácticas.

- b) Materia *Calidade de vida para as persoas maiores*, o alumnado apunta como aspectos positivos os recursos e estratexias ofrecidos na aula e a calidade profesional do corpo docente. Nun caso en particular un estudante refírese a unha pequena desorganización do profesorado e a falta de tempo nas clases. Polo cal, algún alumnado suxire ampliar as sesións teórico-prácticas.

No módulo *NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS* (táboa 5):

- a) Materia *Medidas de atención á diversidade para alumnos/as con necesidades educativas*, cabe sinalar como fortalezas os recursos e estratexias ofrecidos na aula e a coordinación do profesorado. Con todo, pónse de manifesto o exceso de temario, as clases moi cortas e monótonas. Proponse aumentar as sesións teórico-prácticas.
- b) Materia *Calidade de vida das persoas con discapacidade*, algún alumnado plasma como aspecto positivo os recursos e estratexias ofrecidos na aula, o profesorado coordinado e a calidade a súa calidade docente. Consideran, nun caso, as clases moi cortas e apuntan como mellora pónse de manifesto aumentar as sesións teórico-prácticas.
- c) Materia *Medidas de atención á diversidade en persoas con altas capacidades*, o alumnado apunta como aspectos positivos os recursos e estratexias ofrecidos na aula e calidade profesional do profesorado. Non obstante, valórase negativamente a falta de tempo. O alumnado suxire como mellora aumentar as sesións prácticas.

4. CONCLUSIÓNS

Como conclusións cabe sinalar que:

En xeral, a satisfacción que reflexa o estudiantado en relación ao desenvolvemento das clases do profesorado das distintas materias é boa. Os contidos tratados e os recursos ofrecidos resúltanlle interesantes e as actividades prácticas son valoradas moi positivamente. Asimesmo tamén recoñecen a profesionalidade do profesorado, especialmente naqueles que exercen profesionalmente co colectivo a estudar e lle contan experiencias. Neste sentido, valoran os debates surxidos nas aulas, ao poñerse en contacto directamente co mundo laboral.

A análise realizada é moi útil para conseguir unha mellora real do mestrado a través das respectivas materias, de cara o curso próximo e seguintes. Asimesmo, é un medio efectivo para que o profesorado tome conciencia de que cambios deben incorporar. A súa vez, as análises realizadas son útiles para tomar decisións, de ser o caso, na Comisión Académica do mestrado e tamén pola CGIC.

ANEXOS

- Ficha técnica
- Guión do cuestionario aberto

FICHA TÉCNICA DO DESEÑO DA ACTIVIDADE DE AVALIACIÓN
Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos

MC-05 Satisfacción de Usuarios e Usuarias

Previsións temporais		Metodoloxía de medición	
Período(s) de recollida de datos	Prazo de presentación dos resultados	Método de medición	Técnica de recollida de datos
Unha vez finalizada cada materia)	Resultados por materia: despois da aplicación do cuestionario; final de curso académico. Análise, valoración e difusión dos resultados: no momento da elaboración do Seguimento do Título	Metodoloxía cualitativa. Tipo de análise: Análise de contido. Instrumento: cuestionario preguntas abertas. Recollida directa dos datos mediante a secretaria virtual do alumnado.	Cuestionario aberto.

Obxectivos da avaliación

Obter información relativa á satisfacción do estudantado respecto ás fortalezas e debilidades do funcionamento do título (aspectos cos que están mais satisfeitos-as e aspectos que mellorarían), que resulta útil para a mellora da calidade do Mestrado.

Complementar a información obtida en outras enquisas que tratan aspectos ligados ao funcionamento das titulacións noutros eidos (avaliación da actividade docente, mobilidade, prácticas externas ...).

Recursos necesarios que se empregan

Persoal para aplicar, recoller os datos, sintetizar e analizar as narrativas do cuestionario aberto, materia a materia e valoración de conxunto.

Datos técnicos

- **Poboación**
Todo o estudantado do Mestrado do respectivo curso académico en formación.
 - **Criterios de selección (da mostra, das persoas entrevistadas ou das persoas participantes)**
Non aplicable (participa a totalidade do alumnado do Mestrado).
 - **Tamaño da mostra (no seu caso, número de persoas entrevistadas ou número de participantes e reunións)**
Todo o alumnado matriculado en cada materia.
 - **Técnica de grupo**
Non se emprega esta técnica.
 - **Modelo de medición**
Non se emprega un modelo estadístico, xa que se realiza unha análise de contido.
 - **Metodoloxía para a recollida de datos**
Metodoloxía cualitativa. Instrumento: cuestionario online de preguntas abertas. Recollida directa dos datos, anonimamente.
- Escala de valoración:**
Non existe unha escala de valoración, xa que se emprega unha metodoloxía cualitativa. As preguntas planteadas son abertas, por elo empréganse técnicas cualitativas de análise de datos, recolléndose todas as aportacións. A análise final ten en conta o recuento de frecuencia das categorías obtidas.
- **Referencias comparativas**
Non existen nin se consideran referencias comparativas estandarizadas. A valoración realízase tendo en conta dous criterios básicos: (1) os criterios de calidade que se agardan no funcionamento do título, que se empregan posteriormente na mellora das materias; (2) os resultados obtidos en cursos anteriores.
 - **Modo de presentación dos resultados**
Os resultados son presentados fundamentalmente en formato de texto, incluíndo: (1) o recuento das categorías en cada materia; (2) un resumo das principais fortalezas e debilidades do conxunto do título.
- Modo de difusión:**

GUIÓN DO CUESTIONARIO ABERTO

(o cuestionario aplícase para cada unha das materias do título, agás Practicum e TFM)

Os resultados son enviados directamente ao profesorado de cada materia, coa finalidade de que os teñan en conta na revisión das Guías Docentes e na súa actuación para o próximo curso. Tamén son analizados pola CGIC e pola CAM para tomar as decisións que se consideren pertinentes, tanto para algunhas materias concretas, como para o conxunto da plantilla docente.

MC-05 Satisfacción de Usuarios e Usuarias

DATOS DE PERFIL

Materia:

Idade:

Xénero:

PREGUNTAS DE CONTIDO

(1) Que é o que mais che gustou da materia? Por que?

(2) Que aspectos ou cuestións cambiarías? Por que?



Facultade de
Ciencias da Educación
Universidade de Vigo

Área de Calidade



Centro certificado
FIDES AUDIT